



NOTIFICACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

Bo día familias. Neste curso 2020/21, no departamento de Educación Física cinguiremonos ao protocolo sobre o COVID-19. No *Ensino presencial* priorizarase o **aspecto sanitario** sobre calquera outro, buscando en todo momento manter a boa saúde do noso alumnado e da comunidade educativa en xeral. En cada unha das accións que se desenvolvan estará sempre presente o cumprimento do protocolo marcado para minimizar ao máximo o risco de contaxio.

En canto ao **material** necesario para as sesións pedimos, que como todos os anos, traian roupa e calzado deportivo apropiado á práctica da actividade física. Ademais os cursos de 1º e 2º de *Educación Primaria*, deberán traer uns calcetíns antiescorregadizos que usaremos esporadicamente na aula de psicomotricidade. Por outra banda, e con respecto ao uso dos vestiarios, o protocolo indica que “o uso dos aseos quedará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo” o que nos obriga, moi ao noso pesar a non poder levar a cabo a habitual fase de aseo que se desenvolvía ao final de cada sesión, co cal ata novas instrucións o alumnado non traerá material de aseo como en cursos anteriores.

Outras medidas destacables son as seguintes:

- Uso continuo de máscara. Polo que gozarán de máis momentos de descanso/recuperación.
- Práctica de xogos e actividades de menor dinamismo na busca de exhalacións máis suaves e do mantemento da distancia de seguridade.
- Durante a clase-sesión terá cabida todo tipo de organización en función da tarefa a practicar, potenciando as **actividades individuais**, e empregando en menor medida durante este atípico curso o traballo **por parellas** ou en **grupos reducidos** (respectando sempre os equipos formados na aula convencional), buscando en todo momento manter a distancia de seguridade interpersonal.
- Todo o material utilizado será desinfectado antes e despois de cada uso.
- Cada grupo-clase dispoñerá do seu propio material limitando ademais o seu uso compartido.
- Contaremos cunha zona de desinfección na entrada: alfombrilla, xel hidroalcolico, desinfectantes, panos, papeleiras pechadas, carteis informativos...Á que acudiremos periodicamente e sempre que sexa necesario.
- Cada participante na sesión contará coa súa “zona particular” (será a mesma durante todo o curso), estratexicamente marcada no chan á que deberán acudir nos tempos mortos da práctica co fin de manter a distancia.
- A utilización dos vestiarios quedará restrinxida unicamente para o uso do W.C. Acudirase de xeito individual e contará cunha sinalización indicativa sobre a súa dispoñibilidade.
- Terán prioridade as actividades no medio natural e cando isto non sexa posible e fagamos as prácticas en espazos pechados, realizaranse tarefas de ventilación periódica durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manteremos as portas abertas con cuñas e outros sistemas para facilitar esta renovación así como evitar o contacto das persoas cos pomos.
- Cada participante traerá a súa bebida e non a poderá compartir con ninguén.

GRACIÑAS.

Mestre Jaime.